

BASES DA CONVOCATORIA SELECTIVA PARA CUBRIR POLO SISTEMA DE CONCURSO/OPOSICIÓN E MEDIANTE CONTRATACIÓN POR TEMPO INDEFINIDO, DOUS (2) POSTOS DE TÉCNICOS SUPERIORES DE SISTEMAS (Ref: 2-TS-SIST-FT-07)

Os postos xustifícanse para reforzar algunhas áreas de traballo da Fundación CESGA, e potenciar outros departamentos que van ver incrementada, de forma substancial, a súa actividade no novo marco de actuación do CESGA. A Xunta de Galicia e o CSIC, institucións que financian e compoñen os Órganos de Goberno do CESGA, teñen decidido facer da Fundación CESGA un centro de excelencia en Ciencia Computacional a nivel internacional, dende o cal se leven a cabo actividades de investigación e se presten servizos ás comunidades investigadoras galegas e do CSIC, abríndose decididamente a colaboración con outras institucións.

Para conseguir isto o CESGA complementarase cunha grande infraestrutura de cálculo SMP (o Finis Terrae), adecuará as instalacións para aloxamento deste supercomputador, incorporará persoal para manter operativo o novo supercomputador e servizos asociados, incorporando ademais doutores para ampliar a actividade investigadora e intensificar a colaboración con terceiras institucións.

En cumprimento da Lei 10/1996, de 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación, acorda a convocatoria de selección de persoal polo sistemaseguinte.

I. Obxecto da convocatoria:

A Fundación CESGA precisa a contratación por tempo indefinido das seguintes prazas:

- *2 TÉCNICOS SUPERIORES DE SISTEMAS (Ref: 2-TS-SIST-FT-07)*

A Fundación CESGA non reserva ningunha praza nesta categoría para persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% por non acadarse o mínimo necesario.

TITULACIÓN:

- *LICENCIADOS EN FÍSICA, MATEMÁTICAS, QUÍMICA OU ENXEÑEIRO SUPERIOR EN TELECOMUNICACIÓNS OU INFORMÁTICA.*

As funcións para este posto serán:

Función Principal: Manter os sistemas de supercomputación nas mellores condicións de funcionamento hardware e software.

Funcións específicas:

- Soporte técnico dos super-computadores, servidores de cálculo e sistemas de almacenamento:
 - o Operación.
 - o Determinación de problemas, seguimento e resolución.
 - o Mantemento do rexistro de incidencias. Mantemento dos sistemas. Supervisión das contas dos usuarios.

- Planificación da xeración de estatísticas de sistemas e usuarios.
 - Elaboración e xestión de copias de seguridade e mantemento de cintotecas.
 - Soporte aos departamentos de Aplicacións e Comunicacions.
- Control de acceso a Salas de HPC.
- Seguemento e control de avarías e intervencións de mantemento dos seguintes equipos:
 - UPS.
 - Equipos de aire acondicionado.
 - Grupo electrógeno.
 - Sistemas eléctricos, cadros, etc.
 - Sistema de extinción de incendios
 - Control de presenza.
- Soporte a aplicacións.
 - Colaboración na instalación de aplicacións.
 - Elaboración de personalizacións que faciliten e melloren a execución das aplicacións instaladas nos superordenadores do CESGA.
- Soporte técnico a usuarios e asesoramento en:
 - Facilidades do sistema.
 - Compiladores e linguaxes. Elaboración de información técnica relacionada co cálculo científico, aplicacións, utilidades e arquitecturas.
- Formación a usuarios.
- Adecuación e mantemento das aplicacións de soporte do departamento (registro de incidencias, xestión de usuarios, etc...)
- Colaboración nas actividades de promoción do centro.
- Participación en proxectos de I+D+I.
- Asistencia a cursos, seminarios, congresos e proxectos a nivel estatal e internacional.
- Participar na selección de persoal fixo e temporal de acordo coa lexislación vixente.

II. Réxime xurídico da contratación:

O contrato revestirá a modalidade de contrato de traballo por tempo indefinido, conforme ao establecido no artigo 15.1 A) do Estatuto dos Traballadores e ao artigo 7 da Lei 10/1996, de 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación.

III. Requisitos:

1.- Requisitos mínimos xerais:

- Ter nacionalidade dun país membro da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade o cónxuxe dos españois, dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, cando así o prevexa o correspondente tratado, e dos nacionais dalgún Estado ao que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

Así mesmo, poderán participar os que, non estando incluídos nos parágrafos anteriores, se atopen en España en situación de legalidade, sendo titulares dun documento que os habilite a residir e a poder acceder sen limitacións ao mercado laboral. En consecuencia poderán participar os que se atopen en situación de residencia temporal, os que se atopen en situación de residencia permanente, os que se atopen en situación para residir e traballar, así como os refuxiados.

- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter alcanzada a idade de xubilación.
- Capacidade: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións correspondentes á praza á que opte.
- Habilitación: non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas. Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar, igualmente, non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

Estes requisitos deberán posuírse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento de toma de posesión da praza resultante deste proceso selectivo.

2.- Requisitos mínimos específicos para o posto:

2.A.- Titulación:

Licenciado en Física, Matemáticas, Química ou Enxeñeiro Superior en Telecomunicacións ou Informática.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

2.B.- Idiomas:

- Inglés (acreditado con copia do título C.P.E.: Certificate of Proficiency in English ou certificado de 1 ano ou máis de residencia en país anglosaxón ou traballando nun centro de I+D internacional). Os aspirantes que non estean en posesión de documentación acreditativa, deberán realizar unha proba eliminatoria cuxa valoración será de apto ou non apto.
- Galego (acreditado con copia cotexada do título de perfeccionamento en lingua galega ou Celga 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística). Os aspirantes que non estean en posesión da dita titulación deberán realizar unha proba eliminatoria na que se valorará apto ou non apto.

As probas de idiomas realizaránse unha vez superadas as probas de concurso/oposición.

Estes requisitos deberán posuírse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento de toma de posesión da praza resultante deste proceso selectivo.

IV. Documentación a presentar obrigatoriamente:

Documentación a presentar:

- Solicitud asinada polo candidato dirixida ao Director-Xerente da Fundación CESGA no modelo normalizado (Anexo I) da presente convocatoria.
- Currículum vitae (CV), no que se fará constar a concorrencia dos requisitos esixidos e puntos valorados segundo as bases desta convocatoria.
- Fotocopia compulsada do título esixido no punto III 2.A das bases ou certificación académica que acredite, ter realizado todos os estudos para a obtención do título ou, se é o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.
- Fotocopia compulsada do expediente académico ata o grao esixido na convocatoria.
- Fotocopia compulsada do D.N.I. ou pasaporte.
- Fotocopia compulsada de contratos ou de certificados de participación no desenvolvemento de actividades en administración de sistemas UNIX/LINUX, cálculo numérico e linguaxes de programación de uso científico e certificado de vida laboral si é o caso.
- Fotocopia simple das xustificacións dos méritos alegados no CV. A certificación de participación en proxectos se fará ben presentando copia do contrato no que figure o proxecto ou por certificación de que figura como solicitante do proxecto expedida polo Ministerio, Universidade ou Administración Autonómica correspondente.
- Fotocopia compulsada do título de perfeccionamento en lingua galega, ou do Celga 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en

materia de política lingüística. Se non se presenta esta documentación, deberá facer unha proba antes de rematar o proceso de selección.

- Fotocopia compulsada do título acreditativo do coñecemento de inglés: C.P.E. Certificate of Proficiency in English ou certificado de 1 ano ou máis de residencia en país anglosaxón ou traballando nun centro de I+D internacional. Se non se presenta esta documentación, deberá facer unha proba antes de rematar o proceso de selección.

V. Lugar e prazo de presentación de solicitudes:

- As solicitudes serán dirixidas ao director xerente da Fundación e deberán presentarse no modelo normalizado, Anexo I da presente convocatoria.
- Presentaranse na Secretaría da Fundación, coa documentación requirida nestas bases ou por correo certificado nas oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Sur), 15705 Santiago de Compostela.
- O prazo de presentación será de 10 (dez) días naturais contados a partir do día seguinte da publicación da presente convocatoria en prensa.
- O enderezo que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificacións, sendo responsabilidade exclusiva do aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á Fundación, de calquera cambio nel.
- Todas as publicacións faranse no taboleiro de anuncios, no Edificio da Fundación e na páxina web da Fundación www.cesga.es

VI. Procedemento de selección Concurso/Oposición:

1. A selección, de conformidade co disposto no artigo 4 da Lei 10/1996, de 5 de novembro efectuarase por unha comisión designada ao efecto (Anexo II).
2. O procedemento de selección consistirá nun Concurso/Oposición que se desenvolverá da forma seguinte:

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión de Selección designada publicará nos taboleiros da Fundación CESGA e no web do CESGA, as listas provisionais de candidatos admitidos e excluídos, de acordo cos requisitos mínimos xerais e específicos que se relacionan nos puntos III.1 e III.2 destas Bases e con indicación da causa de exclusión, no seu caso, establecéndose un prazo de 5 días naturais para, a petición do interesado, reparar calquera erro que sexa subsanable. Transcorridos estes 5 días a Comisión de Selección publicará a lista definitiva de admitidos e excluídos no proceso de selección.

O procedemento de selección consistirá en:

- Valoración de requisitos específicos e méritos segundo táboa de valoración que se xunta en Anexo III a este documento.
- Proba teórico-práctica.

- Entrevista.

As probas terán lugar, como mínimo, un mes despois da publicación do anuncio no Diario Oficial de Galicia, conforme ao artigo 4 da Lei 10/1996. A data, hora e lugar da proba publicarase no taboleiro de anuncios do edificio CESGA, e comunicarse telefonicamente ou por correo electrónico aos seleccionados.

3. Valoración de requisitos específicos e méritos.

Valoraranse de acordo coa documentación presentada e segundo a táboa xunta no Anexo III. A puntuación mínima requirida é de 15 puntos.

4. Proba teórico-práctica.

As probas versarán sobre os seguintes contidos:

- Arquitectura de computadores. Procesadores. Memorias. Entrada/Saída. Redes de interconexión. Arquitecturas paralelas y distribuídas. Arquitecturas Grid.
- Administración de sistemas en contornos de supercomputación para cálculo científico y técnico
- Administración de clusters de computación
- Administración de sistemas de almacenaxe (Sistemas RAID, SAN, backup, HSM, ...)
- Redes de ordenadores en contorno TCP/IP. Manexo de equipos switches, routers, etc.
- Sistema operativos tipo UNIX/LINUX (Solaris, HP-UX, Tru64, ...). Optimización do S.O. para a execución de programas de cálculo.
- Xestión da seguridade informática
- LOPD e LSSI
- Coñecementos básicos de metodoloxías ITIL
- Linguaxes de programación de cálculo científico. Fortran e C
- Scripting: Perl, python, shell scripting,...
- Coñecementos básicos de Infraestructuras de apoio a informática (SAI, Aire acondicionado, grupo electrógeno, sistema de alarma, etc.)
- Sistemas de soporte a usuarios e xestión de incidencias
- Compiladores. Técnicas de optimización na compilación para cálculo científico. Profiling. Optimización. Depuración.
- Paralelización. Fíos. OpenMP. MPI (versións 1 e 2). PVM.
- Librerías de cálculo: BLAS, LAPACK, SCALAPACK y FFT. Optimización.
- Validación e verificación de sistemas informáticos. Benchmarking. Benchmarks sintéticos.

Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade.

Os exercicios realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos aspirantes, membros da comisión de selección e os colaboradores designados por ésta.

As probas serán escritas ou informáticas sobre os temas teórico-prácticos mencionados neste apartado. As probas constarán dunha parte tipo test con ata 50 preguntas e unha segunda parte de exercicios prácticos cunha puntuación total de 37,5 puntos para cada parte. Na proba tipo test cada resposta acertada terá un valor de 0,75 puntos e a resposta errónea unha penalización de -0,75 puntos. Para superar as probas deberán acadarse como mínimo 37,5 puntos en total nas dúas probas.

Aqueles que non presenten a titulación esixida de galego farán ademais unha proba de galego consistente na tradución dun texto de cálculo científico de galego a castelán ou de castelán a galego, cuxa valoración será de apto ou non apto. Para superar a proba deberán obter a valoración de apto.

Para aqueles que non presenten a titulación xustificante do inglés, farán ademais unha proba nesa lingua, cuxa valoración será de apto ou non apto. Para superar a proba deberán obter a valoración de apto.

Os aspirantes non poderán acceder ao recinto do exame provistos de teléfono móbil, axenda ou demais dispositivos de carácter electrónico ou documentación sobre o temario.

A puntuación das probas publicarase no taboleiro de anuncios do Edificio CESGA e na súa páxina web unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios.

5. Entrevista

Finalizada a valoración dos méritos e das probas, a Comisión publicará no taboleiro de anuncios da Fundación e na páxina web da Fundación (www.cesga.es), un listado da puntuación de tódolos aspirantes. No mesmo comunicado sinalaranse aqueles candidatos, que acadando a puntuación mínima para a superación da proba, e dos méritos, deberán acudir á Entrevista Persoal. A data, hora e lugar da entrevista publicarase no taboleiro de anuncios do edificio CESGA, e comunicarse telefonicamente ou por correo electrónico aos interesados.

A entrevista, terá unha valoración máxima de 6 puntos e versará sobre:

- Perfil do candidato
- Melloras do currículum vitae
- Idoneidade do candidato para o posto
- Disponibilidade de incorporación
- Contraste de coñecementos
- Expresión oral en inglés

No caso de infrarrepresentación do sexo feminino e de empate entre os méritos de dous ou máis candidatos estarase ao disposto no artigo 37 da lei 7/2004 de Galicia, e prevalecerá a orde alfabética iniciándose pola letra establecida na resolución da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 5 de febreiro de 2007 (DOG número 28 do 8 de febreiro)

VII. Resolución

Rematado o proceso selectivo, a Comisión de Selección publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web da Fundación CESGA a lista de puntuacións obtidas polos aspirantes e acordo de resolución dos candidatos seleccionados para estes postos.

Os aspirantes seleccionados deberán presentar nas dependencias da Fundación CESGA, no prazo de 10 días, os seguintes documentos:

- a) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- b) Certificado médico oficial.
- c) Certificado de vida laboral, de desenvolvemento de proxectos, realización de cursos, e outra documentación ou certificados relativos a calquera aspecto do curriculum.

Os aspirantes que superasen o proceso selectivo serán nomeados para a praza ou prazas que se convoquen na categoría que corresponda mediante resolución do Director da Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia.

Co fin de determinar posibles substitucións, a comisión elaborará unha lista de agarda entre os solicitantes que, aínda acadando a puntuación mínima establecida pola comisión, non resultasen beneficiarios do posto.

No contrato de traballo por tempo indefinido, suxeito ao período de proba regulado no artigo 14 do Estatuto dos traballadores, actuará como órgano de contratación da Fundación o seu Presidente, acto para o que está facultado en virtude da escritura de poder outorgada con data 22 de xaneiro de 2004 ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia D. Enrique Roger Amat e co número de protocolo 214.

VIII. Recursos

Contra os acordos da Comisión, os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación diante da Comisión no prazo de cinco días naturais contados a partir do seguinte ao da súa exposición.

En Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2007

Javier García Tobío
Director-Xerente
Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia

ANEXO I
MODELO DE SOLICITUDE

1.- SOLICITANTE		
Apellidos:	Nome:	
DNI:		
Enderezo particular (rúa, etc.):	Nº	
Localidade:	Provincia:	CP:
Tfno.:	e-mail:	

2.- DATOS ANUNCIO
Referencia anuncio:
Data publicación anuncio:

3.- DOCUMENTACIÓN	
Currículum Vitae:	Copia DNI:
Copia Titulación:	Copia Expediente académico:
Copia Certificado Perfeccionamento da Lingua Galega:	
Copia documentación acreditativa do coñecemento do inglés:	
Copia dos xustificantes dos méritos alegados:	
Outra documentación:	

"De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, o interesado queda informado e presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros automatizados existentes na FUNDACIÓN e ao tratamento dos mesmos para esta convocatoria de prazas."

Solicita a participación no proceso de selección convocado pola Fundación e referenciado no punto 2 desta solicitude.

Santiago de Compostela, de de 2007

Asdo.:

DIRECTOR XERENTE
FUNDACIÓN CESGA
Avda. de Vigo, s/n (Campus Sur)
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)

ANEXO II

COMISIÓN DE SELECCIÓN:

1 .-A comisión de selección estará formada por:

- a) Presidente: Subdirector Técnico da Fundación CESGA.
- b) Vocais:
 - Coordinador de Sistemas da Fundación CESGA.
 - Administradora e-learning da S.A.X. CESGA.
 - Administrador de Aplicacións e Proxectos da Fundación CESGA.

O Presidente da Fundación, en caso de necesidade, poderá nomear suplentes. A Comisión poderá nomear asesores expertos, os cales limitaranse ao exercicio das súas respectivas especialidades e colaborarán coa comisión con base exclusivamente nas mesmas.

En todo caso, a Fundación procurará a paridade entre mulleres e homes na designación da comisión de acordo co establecido no artigo 36 da lei 7/2004.

2 .-Os membros da comisión absteranse de intervir, notificándollo ao presidente, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou que realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. O presidente poderá solicitar aos membros da comisión declaración expresa de non atopárense incursos nas causas sinaladas de abstención.

Os aspirantes poderán recusar aos membros da comisión de selección cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

3 .-Para actuar validamente a comisión, requirirase a presenza in situ ou por videoconferencia de todos os seus membros.

As decisións da comisión de selección adoptaranse por maioría dos membros presentes no momento da votación e en caso de empate resolverá o voto de calidade do presidente da comisión de selección.

4 .- Para efectos de comunicación e demais incidencias, a comisión terá como sede as oficinas da Fundación CESGA sitas na Avenida de Vigo, s/n (Campus Universitario Sur) - 15705 Santiago de Compostela.

ANEXO III

TÁBOA DE VALORACIÓN **Ref: 2-TS-SIST-FT-07**

Os currículum vitae recibidos no prazo publicado na convocatoria valoraranse de acordo cos criterios que a continuación se detallan.

Requisitos mínimos específicos para os postos:

-Titulación:

Licenciado en Física, Matemáticas, Química ou Enxeñeiro Superior en Telecomunicacións ou Informática.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que xustifique a súa homologación na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

- Idiomas:

1. Inglés (acreditado con copia do título C.P.E.: Certificate of Proficiency in English ou certificado de 1 ano ou máis de residencia en país anglosaxón ou traballando nun centro de I+D internacional). Os aspirantes que non estean en posesión de documentación acreditativa, deberán realizar unha proba eliminatoria cuxa valoración será de apto ou non apto.
2. Galego (acreditado con copia cotexada do título de perfeccionamento en lingua galega ou Celga 4 ou dos estudos equivalentes homologados polo órgano competente en materia de política lingüística). Os aspirantes que non estean en posesión da dita titulación deberán realizar unha proba eliminatoria na que se valorará apto ou non apto.

VALORACIÓN		TOTAL PUNTOS
Valoracións do Curriculum Puntuación mínima requirida: 15 puntos		30 puntos
Expediente académico ata a titulación esixida.	As cualificacións, valoraranse utilizando a media ponderada segundo a lexislación vixente tomando como referencia o seguinte baremo: MATRÍCULA DE HONRA: 4 SOBRESAINTE: 3 NOTABLE: 2 APROBADO: 1 SUSPENSO/NON PRESENTADO: 0	Ata 4
Estancias en Centros o instalaciones que xestionen servicios de cálculo científico e técnico formándose en tarefas de administración	0,2 puntos por cada mes 0,4 puntos por cada mes se o contorno e de supercomputación	Ata 4
Participación en proxectos de I+D europeos relacionados con infraestructuras de cálculo numérico ou grid	0,5 puntos por cada ano do proxecto	Ata 4
Doutorado nas áreas da licenciatura esixida	Doutorado Europeo APTO CUM LAUDE 3 Doutorado APTO CUN LAUDE 2,5 Doutorado Europeo APTO 1,5 Doutorado APTO 1	Ata 3
Coñecementos de ferramentas de soporte a usuarios científicos	1 punto por cada curso sobre ferramenta	Ata 3
Participación en proxectos de I+D nacionais relacionados con infraestructuras de cálculo numérico ou grid	0,3 puntos por cada ano de proxecto	Ata 3

Formación en administración de sistemas, clusters, sistemas operativos, metodoloxías, computación grid e seguridade	0,2 puntos por cada curso superior a 10 horas	Ata 3
Participación en proxectos de I+D autonómicos relacionados con infraestructuras de cálculo numérico ou grid	0,2 puntos por cada ano de proxecto	Ata 2
Publicacións científicas	Por cada publicación internacional do catálogo Science Citation Index: 0.5 Por cada publicación Internacional en revistas que non figuren no catálogo anterior: 0,1	Ata 1
Presentacións orais ou posters en congresos internacionais	Por cada unha: 0,25	Ata 1
Estancias en centros de I+D ou universidades de fóra de España	0,1 puntos por mes	Ata 1
Formación práctica en xestión de infraestructuras de soporte informático (CPDs, SAI, Climatización,...)	0,3 puntos por curso	Ata 1

Valoración das Probas Puntuación mínima para superar a proba: 37,50 puntos.	75 puntos
Proba escrita teórico práctica sobre os contidos que aparecen numerados no punto VI. 4 das bases.	
Valoración da Entrevista	6 puntos
▪ Perfil do candidato ▪ Melloras do currículo vitae ▪ Idoneidade do candidato para o posto ▪ Dispoñibilidade de incorporación ▪ Contraste de coñecementos ▪ Expresión oral en inglés	

TOTAL 111 PUNTOS